



Unitour citou no Auditorio de Vigo a futuros universitarios

A Universidade galega presentou un stand onde deu a coñecer as propostas dos tres campus

REDACCIÓN, VIGO
universitasad@atlantico.net

■ ■ ■ Aínda quedan moitos meses para rematar o curso, aínda así son xa numerosos os estudantes que están a pensar no seu futuro, moi especialmente os de Educación Secundaria, que participaron esta semana nunha feira de orientación que se celebrou na cidade de Vigo. Tratábase do evento denominado Unitour, unha mostra na que a Universidade de Vigo contou con stand propia, e unha oportunidade única para que os mozos e mozas coñezan as ofertas das diversas universidades e centros educativos. O stand da Universidade de Vigo informou a tódolos que se achegaron por alí das propostas que se desenvolven nos seus tres campus, os graos e mestrados, así como tódalas actividades, infraestructuras e programación cultural, deportiva e complementaria da que poden beneficiarse.

Este ano en Unitour déronse cita un total de 27 universida-



O Auditorio de Vigo acolleu a feira de orientación académica denominada Unitour.

des públicas e privadas, así como centros de educación superior como Esade, a Shms Swiss Hotel Management School ou a Esic Business & Marketing School. Ademais de información sobre as universidades, os asistentes puideron consultar as súas dúbidas ós re-

presentantes de cada entidade, no caso da Universidade de Vigo, a través do Siope, Servizo de Información, orientación e promoción do estudante, que tamén lle entregaron ós futuros universitarios un CD con toda a información, orientación e promoción do estudante.

Os futuros universitarios reciben tamén un CD e información de preto de 80 universidades, incluíndo así das profesionais das diferentes titulacións, notas de corte das mesmas, lugares onde se imparten, instalacións, prácticas en empresas, programas de mobilidade, etc.